

FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMANO

**Informe de auditoría,
Cuentas anuales de pymes al 31 de
diciembre de 2022**



INFORME DE AUDITORÍA DE CUENTAS ANUALES DE PYMES EMITIDO POR UN AUDITOR INDEPENDIENTE

A los miembros de la Asamblea de la Federación Galega de Balonmano, por encargo de la Secretaría Xeral para o Deporte:

Opinión con salvedades

Hemos auditado las cuentas anuales de pymes de la FEDERACION GALEGA DE BALONMANO (La Federación), que comprenden el balance de pymes a 31 de diciembre de 2022, la cuenta de pérdidas y ganancias de pymes y la memoria de pymes correspondientes al ejercicio anual terminado en dicha fecha.

En nuestra opinión, excepto por los efectos y los posibles efectos de las cuestiones descritas en la sección de *Fundamento de la opinión con salvedades* las cuentas anuales de pymes adjuntas expresan, en todos los aspectos significativos, la imagen fiel del patrimonio y de la situación financiera de la FEDERACION GALEGA DE BALONMANO a 31 de diciembre de 2022, así como de sus resultados correspondientes al ejercicio terminado en dicha fecha, de conformidad con el marco normativo de información financiera que resulta de aplicación (que se identifica en la nota 2 de la memoria) y, en particular, con los principios y criterios contables contenidos en el mismo.

Fundamento de la opinión con salvedades

Las cuentas anuales de pymes de 2022 adjuntas, no contienen toda la información que requiere el marco normativo de información aplicable y concretamente en relación con la siguiente cuestión: Información relativa a la actividad de la entidad, aplicación de elementos patrimoniales a fines propios, de acuerdo con lo establecido en la disposición adicional segunda del Real Decreto 1491/2011 del 24 de octubre, por el que se aprueban las normas de adaptación del Plan General de Contabilidad a las entidades sin fines lucrativos.

La Federación no ha registrado al 31 de diciembre de 2022, el gasto correspondiente a la regularización de las primas de seguros devengadas en el periodo comprendido entre el 01 de enero de 2022 al 31 de julio de 2022 y que asciende a 31.636,74 euros. En consecuencia, el resultado del ejercicio se encuentra sobrevalorado en 31.636,74 euros, y las deudas con acreedores por prestación de servicios se encuentran infravaloradas en ese mismo importe.

La federación incluye en el epígrafe *B) II Existencias* del balance de pymes a 31 de diciembre 2022 un importe de 157.626,71 euros, correspondientes al valor de diferente material deportivo. Debido a que hemos recibido el encargo por parte de la Secretaría Xeral para o Deporte con posterioridad al 31 de diciembre de 2022, no hemos podido asistir al recuento físico de las existencias a dicha fecha ni al inicio del ejercicio, ni realizar el corte de operaciones al inicial y al cierre del ejercicio 2022, ni tampoco hemos podido satisfacernos de la razonabilidad del valor de las existencias mediante la aplicación de otros procedimientos alternativos de auditoría. Por este mismo motivo tampoco hemos podido verificar el importe de 27.934,21 euros que figura en la cuenta de pérdidas y ganancias a 31 de diciembre de 2022 en concepto de variación de existencias.

Hemos llevado a cabo nuestra auditoría de conformidad con la normativa reguladora de la actividad de auditoría de cuentas vigente en España. Nuestras responsabilidades de acuerdo con dichas normas se describen más adelante en *la sección Responsabilidades del auditor* en relación con la auditoría de las cuentas anuales de nuestro informe.

Somos independientes de la Federación de conformidad con los requerimientos de ética, incluidos los de independencia, que son aplicables a nuestra auditoría de las cuentas anuales en España según lo exigido por la normativa reguladora de la actividad de auditoría de cuentas. En este sentido, no hemos prestado servicios distintos a los de la auditoría de cuentas ni han concurrido situaciones o circunstancias que, de acuerdo con lo establecido en la citada normativa reguladora, hayan afectado a la necesaria independencia de modo que se haya visto comprometida.

Consideramos que la evidencia de auditoría que hemos obtenido proporciona una base suficiente y adecuada para nuestra opinión con salvedades.

Incertidumbre material relacionada con la empresa en funcionamiento

Llamamos la atención sobre la nota 2.3 de la memoria de las cuentas anuales de pymes adjunta que indica los factores causantes de duda sobre el principio de empresa en funcionamiento. En concreto, la Federación presenta un fondo de maniobra negativo por importe de -38.002,34 euros y pérdidas por importe de -68.124,12 euros, que han causado una reducción del patrimonio neto de la entidad. Al tiempo que también se informa sobre aspectos positivos que mitigan las incertidumbres anteriores. Estas circunstancias, indican la existencia de una incertidumbre material que puede generar dudas significativas sobre la capacidad de la entidad para continuar como empresa en funcionamiento. Nuestra opinión no ha sido modificada en relación con esta cuestión.

Aspectos más relevantes de la auditoría

Los aspectos más relevantes de la auditoría son aquellos que, según nuestro juicio profesional, han sido considerados como los riesgos de incorrección material más significativos en nuestra auditoría de las cuentas anuales del periodo actual. Estos riesgos han sido tratados en el contexto de nuestra auditoría de las cuentas anuales en su conjunto, y en la formación de nuestra opinión sobre éstas, y no expresamos una opinión por separado sobre esos riesgos.

Además de las cuestiones descritas en la sección de *Fundamento de la opinión con salvedades* y de *Incertidumbre material relacionada con la Empresa en Funcionamiento*, hemos determinado que no existen riesgos significativos considerados en la auditoría que se deban comunicar en nuestro informe.

Párrafo de otras cuestiones

Las cuentas anuales de PYMES del ejercicio 2022 incluyen información comparativa del ejercicio 2021, que no ha sido auditada al no existir obligación legal.

Responsabilidad de la Junta Directiva en relación con las cuentas anuales de pymes

Los miembros de la junta directiva son responsables de formular las cuentas anuales de pymes adjuntas, de forma que expresen la imagen fiel del patrimonio, de la situación financiera y de los resultados de la Federación de conformidad con el marco normativo de información financiera aplicable a la entidad en España, y del control interno que consideren necesario para permitir la preparación de cuentas anuales libres de incorrección material, debida a fraude o error.

En la preparación de las cuentas anuales de pymes, los miembros de la junta directiva son responsables de la valoración de la capacidad de la Federación para continuar como empresa en funcionamiento, revelando, según corresponda, las cuestiones relacionadas con la empresa en funcionamiento y utilizando el principio contable de empresa en funcionamiento excepto si los administradores tienen intención de liquidar la Federación o de cesar sus operaciones, o bien no existe otra alternativa realista.

Responsabilidades del auditor en relación con la auditoría de las cuentas anuales de pymes

Nuestros objetivos son obtener una seguridad razonable de que las cuentas anuales de pymes en su conjunto están libres de incorrección material, debida a fraude o error, y emitir un informe de auditoría que contiene nuestra opinión.

Seguridad razonable es un alto grado de seguridad, pero no garantiza que una auditoría realizada de conformidad con la normativa reguladora de la actividad de auditoría de cuentas vigente en España siempre detecte una incorrección material cuando existe. Las incorrecciones pueden deberse a fraude o error y se consideran materiales si, individualmente o de forma agregada, puede preverse razonablemente que influyan en las decisiones económicas que los usuarios toman basándose en las cuentas anuales de pymes

Como parte de una auditoría de conformidad con la normativa reguladora de la actividad de auditoría de cuentas vigente en España, aplicamos nuestro juicio profesional y mantenemos una actitud de escepticismo profesional durante toda la auditoría. También:

- Identificamos y valoramos los riesgos de incorrección material en las cuentas anuales de pymes, debida a fraude o error, diseñamos y aplicamos procedimientos de auditoría para responder a dichos riesgos y obtenemos evidencia de auditoría suficiente y adecuada para proporcionar una base para nuestra opinión. El riesgo de no detectar una incorrección material debida a fraude es más elevado que en el caso de una incorrección material debida a error, ya que el fraude puede implicar colusión, falsificación, omisiones deliberadas, manifestaciones intencionadamente erróneas, o la elusión del control interno.
- Obtenemos conocimiento del control interno relevante para la auditoría con el fin de diseñar procedimientos de auditoría que sean adecuados en función de las circunstancias, y no con la finalidad de expresar una opinión sobre la eficacia del control interno de la entidad.
- Evaluamos si las políticas contables aplicadas son adecuadas y la razonabilidad de las estimaciones contables y la correspondiente información revelada por los administradores.

Member of

- Concluimos sobre si es adecuada la utilización, por los administradores, del principio contable de empresa en funcionamiento y, basándonos en la evidencia de auditoría obtenida, concluimos sobre si existe o no una incertidumbre material relacionada con hechos o con condiciones que pueden generar dudas significativas sobre la capacidad de la Federación para continuar como empresa en funcionamiento. Si concluimos que existe una incertidumbre material, se requiere que llamemos la atención en nuestro informe de auditoría sobre la correspondiente información revelada en las cuentas anuales de pymes o, si dichas revelaciones no son adecuadas, que expresemos una opinión modificada. Nuestras conclusiones se basan en la evidencia de auditoría obtenida hasta la fecha de nuestro informe de auditoría. Sin embargo, los hechos o condiciones futuros pueden ser la causa de que la Federación deje de ser una empresa en funcionamiento.
- Evaluamos la presentación global, la estructura y el contenido de las cuentas anuales de pymes, incluida la información revelada, y si las cuentas anuales de pymes representan las transacciones y hechos subyacentes de un modo que logran expresar la imagen fiel.

Nos comunicamos con los miembros de la junta directiva de la Federación en relación con, entre otras cuestiones, el alcance y el momento de realización de la auditoría planificados y los hallazgos significativos de la auditoría, así como cualquier deficiencia significativa del control interno que identificamos en el transcurso de la auditoría.

Entre los riesgos significativos que han sido objeto de comunicación a los miembros de la junta directiva de la Federación, determinamos los que han sido de la mayor significatividad en la auditoría de las cuentas anuales de pymes del periodo actual y que son, en consecuencia, los riesgos considerados más significativos.

Describimos esos riesgos en nuestro informe de auditoría salvo que las disposiciones legales o reglamentarias prohíban revelar públicamente la cuestión.

AUREN AUDITORES SP, S.L.P.
Inscrita en el R.O.A.C. N.º S2347



Concepción Vilaboa Martínez
Inscrita en el R.O.A.C. N.º 15.935
01 de febrero de 2024



AUREN AUDITORES SP, S.L.

2024 Núm. 04/24/00429

SELLO CORPORATIVO: 96,00 EUR

Informe de auditoría de cuentas sujeto
a la normativa de auditoría de cuentas
española o internacional

Member of





CONTAS ANUAIS DE PEMES

2022

FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN

31 DECEMBRO 2022



**XUNTA
DE GALICIA**



**DEPORTE
GALEGO**

BALANCE DE PEMES

EXERCICIO 2022, peche ó 31 de decembro

FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMAN
BALANCE DE SITUACIÓN DE PEMES Ó 31 DE DECEMBRO DE 2022 E DE
2021 (Euros)

ACTIVO	Notas da memoria	31.12.22	31.12.21
A) ACTIVO NON CORRENTE		93.558,82	87.696,79
Inmobilizado material	5	92.658,82	86.796,79
Instalacións técnicas e outro inm. material		92.658,82	86.796,79
Inversións financeiras a longo prazo	6	900,00	900,00
Outros activos financeiros		900,00	900,00
B) ACTIVO CORRENTE		377.655,59	392.211,67
Existencias		157.626,71	129.692,50
Comerciais		157.626,71	129.692,50
Debedores comerciais e outras contas a cobrar		116.827,77	97.467,57
Clientes ventas e prestación de servizos	6	33.349,96	63.475,96
Debedores varios	6	83.477,81	33.991,61
Periodificacións		22.830,32	21.065,10
Efectivo e outros activos líquidos equivalentes		80.380,79	143.986,50
Tesorería		80.380,79	143.986,50
TOTAL ACTIVO (A+B)		471.224,41	479.908,46

PATRIMONIO NETO E PASIVO	Notas da memoria	31.12.22	31.12.21
A) PATRIMONIO NETO		55.556,48	135.713,17
Fondos propios		55.556,48	135.713,17
Fondo social	8	20.252,44	20.252,44
Fondo social		20.252,44	20.252,44
Reservas	2.8, 8	103.428,16	39.750,12
Outras reservas		103.428,16	39.750,12
Resultados de exercicios anteriores	8	-	-
Resultados negativos exercicios anteriores		-	-
Resultado do exercicio	8	-68.124,12	75.710,61
B) PASIVO NON CORRENTE		-	-
C) PASIVO CORRENTE		415.667,93	344.195,29
Débedas a curto prazo		56,22	1.102,58
Débedas con entidades de crédito		56,22	1.102,58
Acredores comerciais e outras contas a pagar		210.933,46	149.849,31
Provedores	7	17.717,48	19.147,90
Acredores varios	7	161.274,50	104.619,52
Persoal (remuneracións pendentes de pago)	7	844,59	-
Outras débedas con Administracións Públicas	9	31.096,89	26.081,89
Periodificacións		204.678,25	193.243,40
TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A+B+C)		471.224,41	479.908,46

CONTA DE PERDAS E GANANCIAS DE PEMES EXERCICIO 2022, peche ó 31 de decembro

FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMANO
CONTA DE PERDAS E GANANCIAS DE PEMES CORRESPONDENTE ÓS
EXERCICIOS ANUAIS REMATADOS Ó 31 DE DECEMBRO DE 2022 E 2021
(Euros)

Conta de Perdas e Ganancias	Nota	31.12.22	31.12.21
Importe neto da cifra de negocios		908.158,34	653.652,03
Ventas netas		5.309,26	1.758,53
Prestacións de servizos		902.849,08	651.893,50
Aprovisionamentos	10. a	-1.229.500,39	-343.829,30
Consumo de mercadorías		-128.239,19	-58.356,78
Consumo de materias primas e outras materias consumibles			
Traballo realizados por outras empresas		-1.101.261,20	-285.472,52
Outros ingresos de explotación	11	1.063.845,42	417.253,91
Subvencións de explo. incorporadas ó resultado do exercicio		1.063.845,42	417.253,91
Gastos de persoal	10. b	-208.281,67	-127.234,68
Soldos, salarios e asimilados		-158.072,75	-100.968,80
Cargas sociais		-50.208,92	-26.265,88
Outros gastos de explotación	10. c	-585.328,51	-508.801,29
Servizos exteriores		-584.979,05	-508.515,03
Tributos		-349,46	-286,26
Perdas, deterioros e variación prov. operacións comerciais			
Amortización de inmobilizado		-16.935,58	-15.590,69
Resultados extraordinarios		-81,73	260,63
RESULTADO DE EXPLOTACIÓN		-68.124,12	75.710,61
Gastos financeiros		-	-
Por débedas con terceiros		-	-
Diferencias de cambio		-	-
RESULTADO FINANCIERO		-	-
RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS		-68.124,12	75.710,61
RESULTADO DO EXERCICIO PROCEDENTE DE OP. CONTINUADAS		-68.124,12	75.710,61
RESULTADO DO EXERCICIO		-68.124,12	75.710,61

MEMORIA ANUAL DE PEMES EXERCICIO 2022

NOTA 1 - ACTIVIDADE

A Federación Galega de Balonmán constitúese no ano 1984 ca adecuación do deporte á realidade do Estado das Autonomías trala fusión e, consecuentemente, desaparición das catro Federacións provinciais de balonmán.

É unha entidade de dereito privado que reúne a Clubs, xogadores, adestradores e árbitros adicados á práctica do Balonmán, así como ás asociacións e demais entidades relacionadas con este deporte que se adscriban a ela.

É competencia da Federación Galega de Balonmán a ordenación e dirección da actividade do Balonmán galego, en coordinación coa Real Federación Española de Balonmán e coa Dirección Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

O domicilio da sede central da Federación Galega de Balonmán é: R/ Luis Ksado, 17 - Ofic. 3 - 36209 Vigo.

Conta ademais con tres delegacións con domicilios en:

DELEGACIÓN TERRITORIAL NORTE Casa do Deporte Avda. Castelao s/n 15406 Ferrol

DELEGACIÓN TERRITORIAL OURENSE r/ Baixada ó Consello, 37- 1º 32400 - Ribadavia

DELEGACIÓN TERRITORIAL LUGO r/ Montero Ríos, 73 Entrechán 27003 - Lugo

A Federación Galega de Balonmán rexese polos seus Estatutos, os cales foron adaptados a orde do 8 de setembro de 2010 da Secretaría Xeral para o Deporte e aprobados pola Asemblea Xeral Extraordinaria do 21.09.10 e ratificados pola Directora Xeral para o Deporte. (Número de rexistro F-00273 do Rexistrio de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia). O numero do CIF e G36690832.

A Federación Galega de Balonmán, pola súa natureza non pertence a ningún grupo de sociedades.

NOTA 2 - BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS ANUAIS

1. IMAXEN FIEL

As contas anuais do exercicio 2022 formuláronse polo órgano de administración a partires dos rexistros contables da Federación Galega de Balonmán a 31 de Decembro de 2022 e nelas aplicáronse os principios contables e criterios de valoración recollidos no Real Decreto 1515/2007 polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade de Pemes e o resto de disposicións legais vixentes en materia contable e reflexan a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da mesma.

En virtude da Disposición Transitoria sexta do Real Decreto 1515/2007, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade de Pemes e da Disposición Transitoria Quinta do Real Decreto 1514/2007 polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade, a Federación segue aplicando no que non se opoña á lexislación mercantil actual, a Adaptación Sectorial do Plan Xeral de Contabilidade para Federacións Deportivas, aprobada por Orden do Ministerio de Economía e Facenda de 2 de febreiro de 1994, optando por aplicar os contidos do Plan Xeral de Contabilidade de Pemes e os criterios específicos, no seu caso, para micro empresas, establecidos no artigo 4 do Real Decreto 1515/2007 de 16 de novembro polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade de Pemes e os criterios contables específicos para micro empresas, sen obviar as particularidades que sobre a súa contabilidade establezan as súas disposicións específicas, e en particular as normas contables contidas no seu plan sectorial en tanto non se opoñan ó novo Plan Xeral de Contabilidade de Pemes.

Igualmente, a Federación aplica o marcado na Resolución do 23 de Maio de 2011, da secretaría Xeral para o Deporte, pola que se regulan determinados aspectos da contabilidade de asociacións deportivas galegas.

As Contas anuais do 2021 foron aprobadas, por unanimidade, pola Asemblea Xeral Ordinaria con data 12 de xuño de 2022.

En cada partida do Balance e da Conta de Perdas e Ganancias adxuntos, preséntanse xunto cos importes do exercicio 2022 os correspondentes o exercicio 2021.

2. PRINCIPIOS CONTABLES NON OBLIGATORIOS

Non foi necesario, nin creuse convinte por parte do Órgano de goberno da Federación, a aplicación de principios contables facultativos distintos dos obligatorios a que se refire o art. 38 do código de comercio e a parte primeira do plan Xeral de contabilidade.

3. ASPECTOS CRÍTICOS DA VALORACIÓN E ESTIMACIÓN DA INCERTIDUME

Na elaboración das contas anuais correspondentes ó exercicio 2022 determináronse estimacións e hipóteses en función da mellor información disponible a 31/12/2022 sobor os feitos analizados. É posible que acontecementos que poidan ter lugar no futuro obriguen a modificalas (á alza ou á baixa) en próximos exercicios o que se faría de forma prospectiva, recoñecendo os efectos do cambio de estimación nas correspondentes contas anuais futuras.

Actualmente, a Federación presenta un patrimonio neto positivo a 31 de decembro de 2022 por importe de 55.556,48 € e un fondo de manobra negativo por importe de

38.002,34 euros, motivado principalmente pola celebración do Campionato de España de Seleccións Autonómicas de Balonmán Praia o que resultou deficitario.

A maiores, tamén se incrementaron os gastos na preparación do Campionato de España de Seleccións Autonómicas de pista, por motivo do seu aprazamento ó mes de abril por motivos da pandemia da Covid-19.

O órgano de goberno da FEDERACION GALEGA DE BALONMÁN formulou as presentes contas anuais seguindo o principio de empresa en funcionamento o considerar que a Federación seguirá recibindo apoio financeiro tanto da Administración Autonómica, Concellos, entidades financeiras en xeral, que historicamente prestaron a súa colaboración no patrocinio e organización do balonmán, así como da propia Federación Española de Balonmán.

4. IMPACTO DA ALERTA SANITARIA PROVOCADA POLA COVID-19

Durante o exercicio 2020, a alerta sanitaria provocada pola pandemia da Covid-19, e en consecuencia as medidas adoptadas tanto polo goberno estatal coma autonómico, repercutiron significativamente na Federación, tanto a nivel económico coma deportivo.

Durante o exercicio 2021, notouse unha gran melloría, os encontros aprazados ou suspendidos foron menos que durante o ano 2020. O Campionato de España de Seleccións Autonómicas (CESA), foi cancelado por prevención, pero o longo do verán, puidemos recuperar o nosa tradicional Xira Galega de Balonmán Praia. Pouco a pouco foise recuperando a actividade normal, gracias a eliminación das restriccións de aforos.

O exercicio 2022 levouse a cabo con normalidade, salvo a celebración do Campionato de España de Seleccións Autonómicas (CESA) que en lugar de disputarse en xaneiro, a Real Federación Española de Balonmano aprazouno ata o mes de abril, coincidindo coa Semana Santa.

5. COMPARACIÓN DA INFORMACIÓN.

A estrutura do balance e da conta de perdas e ganancias é similar ó do exercicio anterior, sendo por elo plenamente comparable.

6. ELEMENTOS RECOLLIDOS EN VARIAS PARTIDAS.

O balance de situación e a conta de perdas e ganancias non mostran agrupacións de partidas.

7. CAMBIOS EN CRITERIOS CONTABLES.

No presente exercicio, non realizaron cambios en criterios contables.

8. CORRECIÓN DE ERROS.

As contas anuais de pemes do exercicio 2022 inclúen un axuste por importe de 1.500,00 euros en concepto dunha subvención do ano 2020 contabilizada erroneamente polo importe de xustificación e non de concesión. Ademais, rexistrouse unha perda por importe de 2.964,20 euros correspondente á Subvención de Grandes Eventos da Deputación da Coruña do exercicio 2020 por motivo de non poder celebrarse por motivo da pandemia da Covid-19. Esta subvención cobrouse parcialmente, a Deputación asumiu os gastos da preparación do evento.

Contabilizáronse gastos de transporte dos seleccionadores, por importe de 5.686,19 euros, devengados no exercicio 2021 e non contabilizados por non recibir os recibos antes de cerrar o exercicio contable. E neste mesmo ano, rexistraramos unha perda de subvención por importe de 1.882,18 € correspondente á subvención de Eventos da Deputación de Pontevedra, dito importe da redución da subvención foi comunicado verbalmente por dito organismo, a día de hoxe non temos comunicación escrita pero procedemos a rexistralo igualmente, posto que non vai a ser abonado.

Estes axustes ocasionaron o decrecemento das reservas.

9. IMPORTANCIA RELATIVA

O determinar a información a desglosar na presente memoria sobre as diferentes partidas dos estados financeiros ou outros asuntos, a Federación, de acordo co Marco Conceptual do Plan Xeral de Contabilidade, tivo en conta a importancia relativa en relación coas contas anuais do exercicio 2022.

NOTA 3 – APLICACIÓN DE RESULTADOS

O resultado obtido no ano 2022 ascendeu a unhas perdidas por importe de 68.124,12 €. O resultado distribuíse segundo o seguinte cadro:

Base de reparto	Importe 2022	Importe 2021
Perdas e ganancias (Perdas)	-68.124,12	
Perdas e ganancias (Ganancias)		75.710,61 €
Total aplicación de resultados	-68.124,12	75.710,61 €
Aplicación do Resultado		
Reservas	-68.124,12	75.710,61 €
Total	-68.124,12	75.710,61 €

NOTA 4 - NORMAS DE REGISTRO E VALORACIÓN

Os criterios contables más significativos aplicados na formulación das contas anuais son os seguintes:

A) INMOBILIZACIONES INTANXIBLES

O inmobilizado inmaterial rexístrase a coste de adquisición. Non se capitalizan os gastos financeiros.

A amortización do inmobilizado inmaterial calcúlase sistematicamente polo método lineal en función da vida útil dos respectivos bens, segundo o detalle:

INMOBILIZADO	ANOS DE VIDA ÚTIL ESTIMADA
Aplicacións informáticas.	4

B) INMOBILIZACIONES MATERIAIS

O inmobilizado material rexístrase a coste de adquisición . Non se capitalizan os gastos financeiros.

Os gastos de conservación e mantemento incorridos durante o exercicio cárganse á conta de perdas e ganancias.

A amortización do inmobilizado material calcúlase sistematicamente polo método lineal en función da vida útil dos respectivos bens, atendendo a depreciación efectivamente sufrida polo seu funcionamento, uso e desfrute distribuíndo o coste dos activos entre os anos de vida útil estimada , segundo o detalle:

INMOBILIZADO	ANOS DE VIDA ÚTIL ESTIMADA
Outras instalacións	10
Mobiliario	10
Elementos de transporte	10
Outro Inmobilizado material	10

Inversións Inmobiliarias.- A Federación non ten construcións nin terreos que deban clasificarse coma inversión inmobiliarias.

C) INSTRUMENTOS FINANCIEROS

1. Activos financeiros.

A FEDERACIÓN rexistra os instrumentos financeiros no seu balance cando se converte nunha parte obrigada do contrato ou negocio xurídico, conforme as disposicións do mesmo, que da lugar a un activo financeiro na Federación e un pasivo financeiro noutra entidade ou viceversa.

En liñas Xerais considerase un activo financeiro a calquera activo que sexa: diñeiro en efectivo, un instrumento de patrimonio, ou supoña un dereito contractual a recibir efectivo ou outro activo financeiro, ou a intercambiar activos ou pasivos financeiros con terceiros en condicións potencialmente favorables.

1.1. Préstamos e partidas a cobrar

Nesta categoría incluíronse os activos que se orixinaron na prestación de servizos por operacións de tráfico da FEDERACIÓN. Tamén incluíronse aqueles activos financeiros que non se orixinaron nas operacións de tráfico da Federación e que non sendo instrumentos de patrimonio nin derivados, presentan uns cobros de contía determinada ou determinable, e non cotizan en mercados organizados.

Estes activos financeiros valoráronse polo seu valor razonable que non é outra cousa que o prezo da transacción, é dicir, o valor razonable da contra prestación máis tódolos costes que lle foron directamente atribuíbles.

Posteriormente, estes activos valoráronse polo seu custe amortizado, imputando na conta de perdas e ganancias os intereses devengados, aplicando o método do xuro efectivo.

Os débitos con vencemento non superior o ano rexistráronse polo seu valor nominal na medida en que non difiren significativamente do seu valor razonable.

Os depósitos e fianzas entregados ou recibidos recoñécense polo importe efectivamente desembolsado, ó considerar que a diferencia que entre este último e o valor razonable non é significativa.

Recoñecen no resultado do período as correccións por deterioro de valor (dotacións e retrocesións) dos activos financeiros pola diferencia entre o valor en libros e o valor actual dos fluxos de efectivo recuperable.

1.2. Deterioro de valor

Un activo financeiro o grupo de activos financeiros está deteriorado e produciuse unha perda por deterioro, e existe evidencia obxectiva do deterioro como resultado dun ou máis eventos que ocorreron despois do recoñecemento inicial do activo e ese evento ou eventos causantes da perda teñen un impacto sobre os fixos de efectivo futuros estimados do activo ou grupo de activos financeiros, que pode ser estimado con fiabilidade.

A Federación segue o criterio de rexistrar as oportunas correccións valorativas por deterioro de préstamos e partidas a cobrar e instrumentos de débeda, cando se produce unha redución ou retraso nos fluxos de efectivo estimados futuros, motivados pola insolvencia do debedor.

Asimesmo no caso de instrumentos de patrimonio, existe deterioro de valor cando segundo as circunstancias existen dúbidas sobre a recuperabilidade do valor en libros do activo por un descenso prolongado ou significativo no seu valor razonable.

1.3. Criterios para a baixa de activos financeiros

A federación da de baixa un activo financeiro, cando expiren ou sexan cedidos os dereitos contractuais sobre os fluxos de efectivo do activo financeiro. Nas cesións de activos financeiros nas que sexan retidos substancialmente os riscos e beneficios inherentes á súa propiedade, a Federación non dará de baixa os activos financeiros e recoñecerá un pasivo financeiro por un importe igual a contraprestación recibida.

2. Pasivos financeiros

Os instrumentos financeiros emitidos, incorridos ou assumidos clasifícanse como pasivos financeiros, na súa totalidade ou a unha das súas partes, sempre que de acordo coa súa realidade económica supoñan para a Federación unha obrigación contractual, directa ou indirecta, de entregar efectivo ou outro activo financeiro, ou de intercambiar activos ou pasivos financeiros con terceiros en condicións potencialmente desfavorables.

2.1. Débitos e partidas a pagar

Nesta categoría incluíronse os pasivos financeiros que se orixinaron na compra de bens e servizos por operacións de tráfico da empresa e aqueles que non sendo instrumentos derivados, non teñen unha orixe comercial.

Inicialmente, estes pasivos financeiros rexistráronse polo seu valor razonable que é o prezo da transacción más todos aqueles custos que foron directamente atribuibles. Posteriormente, valoráronse polo seu coste amortizado. Os intereses devengados

contabilizáronse na conta de perdidas e ganancias, aplicando o método de xuro efectivo.

Os débitos por operacións comerciais con vencemento non superior a un ano e que non teñen un tipo de xuro contractual valoráronse polo seu valor nominal.

Os préstamos e descubertos bancarios que deveñan intereses rexístranse polo importe recibido, neto de costes directos de emisión (comisións de apertura). Os gastos financeiros e os custos directos de emisión, contabilízanse segundo o criterio do deveño na conta de resultados utilizando o método do xuro efectivo e engádese ó importe en libros do instrumento na medida que non se liquidan no período que se deveñan.

Os préstamos clasifícanse como correntes salvo ca Federación teña o dereito incondicional para aprazar a cancelación do pasivo durante, ó menos, os doce meses seguintes á data do balance.

Os acredores comerciais non deveñan explicitamente intereses e se rexistran polo seu valor nominal.

As débedas valóranse segundo os importes dispostos ós que se sumarán os xuros devengados. Clasifícanse en función dos vencementos á data de balance, considerando curto prazo aqueles con vencemento que ten lugar nos 12 meses seguintes ó peche de contas e largo prazo as que superan dito período.

D) EXISTENCIAS.

A Federación ten existencias por valor de 157.626,71 € ó peche do exercicio.

O material deportivo valorase ó prezo de adquisición, efectuando as correccións oportunas por deterioro do valor das existencias reducindo o importe da valoración ó peche do exercicio. Cando o valor neto realizable das existencias é inferior ó seu prezo de adquisición, recoñécese coma un gasto na conta de perdidas e ganancias a través da conta “variación de existencias”. No exercicio 2022 non houbo corrección na valoración do stock posto que son prendas deportivas que están actualmente en circulación.

Por outra banda, parte dos aprovisionamentos que contabiliza a Federación refírense a compras de material deportivo subvencionado por diferentes Organismos Públicos, de xeito que tan pronto como entran, saen coa entrega ós distintos clubs ou deportistas.

E) CONTABILIZACIÓN DE INGRESOS E GASTOS

Os ingresos e gastos impútanse en función do criterio do deveño, este é cando se produce a corrente real de bens e servizos cos mesmos representan con independencia do momento no que se produza a corrente monetaria ou financeira derivada deles.

Sen embargo, seguindo o principio de prudencia, a Federación Galega de Balonmán únicamente contabiliza os beneficios realizados á data do peche do exercicio, en tanto que os riscos previsibles e as perdidas, ánda sendo eventuais, contabilízanse tan pronto se coñecen.

F) SUBVENCIÓNS.

Recoñécense polo seu valor razonable do importe concedido, si o pago é en efectivo, ou polo seu valor razonable dos bens ou servicios aportados si o pago é non monetario ou en especies. Se o fin é asegurar unha rentabilidade mínima ou cubrir o déficit da explotación, impútanse á conta de resultados no exercicio para o que se destina. Si é para financiar gastos específicos, impútanse no exercicio no que se produza o gasto.

Cando se conceden para adquirir activos ou cancelar pasivos, impútanse a resultados segundo a amortización ou cando se enaxenen os activos e/ou cancelen os pasivos, se non teñen unha finalidade específica, impútanse no exercicio da concesión.

As subvencións, dotacións e legados que teñan o carácter de reintegrables rexístranse como pasivos en tanto non adquieran a condición de non reintegrables. A estes efectos considéranse non reintegrables cando existe un acordo individualizado da súa concesión, estean cumplidas as condicións para as cales foron concedidos, e non existan dubidas razonables para a súa percepción.

G) PERIODIFICACIÓNS ACTIVAS E PASIVAS

As periodificacións pasivas correspondentes a ingresos por seguro deportivo se periodifican en función do período de tempada da competición, e as periodificacións activas en función do período cuberto polas primas de seguro de clubs e xogadores.

NOTA 5 - INMOBILIZACIONES, MATERIAIS, INTANXIBLE E INVERSIÓNS

Os movementos rexistrados durante os exercicios 2022 e 2021 nas diferentes contas do inmobiliado material e das súas correspondentes amortizacíons acumuladas foron:

Movementos do inmobiliado material	Importe 2022	Importe 2021
SALDO INICIAL BRUTO	128.125,63	91.753,37
(+) Entradas	22.797,61	36.372,26
(+) Correccións de valor por actualización		
(-) Saídas		
SALDO FINAL BRUTO	150.923,24	128.125,63

Movementos amortización do inmobiliado material	Importe 2022	Importe 2021
SALDO INICIAL BRUTO	41.328,84	25.738,15
(+) Aumento por dotacións	16.935,58	15.590,69
(+) Aum. amort. acum. por efecto de actualización		
(+) Aumentos por adquisicións o traspasos		
(-) Diminucións por saídas, baixas e traspasos		
SALDO FINAL BRUTO	58.264,42	41.328,84

O novo inmobiliado material rexistrado corresponde principalmente coa adquisición de equipos informáticos, caixas de almacenaxe, material deportivo (marcadores, porterías, redes, campos de balonmán praia...).

Detectouse un erro de escritura, non contable, na memoria económica do exercicio 2021, á hora de elaborar a táboa anterior no referente ás entradas de activos. Para poder realizar a comparación entre exercicios, nesta memoria anotamos o importe correcto.

NOTA 6 – ACTIVOS FINANCIEROS

Os activos financeiros a longo prazo en 2019 se correspondían exclusivamente cunha fianza outorgada en relación cun contrato de aluguer dunha fonte de auga que se clasifica na categoría de “Préstamos e partidas a cobrar”. En 2020 aumentouse esta partida o depositar a fianza do aluguer do baixo destinado a almacén sito na rúa Martín Echegaray. En 2021 e 2022, non houbo novos activos financeiros.

A información dos instrumentos financeiros do activo a curto prazo do balance da Federación, sen considerar o efectivo nin outros activos equivalentes, clasificados por categorías, é a que se mostra a continuación:

Créditos, derivados e otros C/P	Importe 2022	Importe 2021
Activos valor razonable con cambios en peg		
Inversións mantidas ata o vencemento		
Préstamos e partidas a cobrar	116.827,77	97.467,57
Activos dispoñibles para la venta		
Derivados de cobertura		
TOTAL	116.827,77	97.467,57

Total activos financeiros C/P	Importe 2022	Importe 2021
Activos a valor razonable con cambios en peg		
Inversións mantidas ata o vencemento		
Préstamos e partidas a cobrar	116.827,77	97.467,57
Activos dispoñibles para la venta		
Derivados de cobertura		
TOTAL	116.827,77	97.467,57

Dentro do epígrafe de Préstamos e partidas a cobrar a curto prazo atopamos as partidas de ingresos pendentes de cobro procedentes de clubs e seguros de árbitros por importe de 33.349,96 €, e outra partida por importe de 83.477,81 € correspondente a subvencións pendentes de ingresar por parte de diferentes administracións.

NOTA 7 – PASIVOS FINANCIEROS

A información dos instrumentos financeiros do pasivo do balance da Federación, clasificados por categorías, é a que se mostra a continuación, sendo todos eles a curto prazo:

Derivados e outros cp	Importe 2022	Importe 2021
Débedas con entidades de crédito	56,22	1.102,58
Débitos e partidas a pagar	210.933,46	149.849,31
Pasivos a valor razonable con cambios en peg		
Outros		
TOTAL	210.989,68	150.951,89

Total pasivos financeiros cp	Importe 2022	Importe 2021
Débedas con entidades de crédito	56,22	1.102,58
Débitos e partidas a pagar	210.933,46	149.849,31
Pasivos a valor razonable con cambios en peg		
Outros		
TOTAL	210.989,68	150.951,89

As débedas con entidades de crédito correspóndense cos pagos realizados coa tarxeta de crédito, os cales se liquidan en xaneiro de 2023.

Os principais acredores e provedores incluídos no epígrafe "Débitos e partidas a pagar" correspondense principalmente á Federación Española de Balonmán (62.968,27 €), a Viajes Interrías (79.807,70 €), Hummel Ibérica (32.522,74 €) e ás partidas de arbitraxe liquidadas en xaneiro (17.717,48 €). No referente ós provedores mencionados anteriormente, cabe sinalar que se fixeron pagos ó inicio do exercicio 2023 que reduce considerablemente esta partida.

NOTA 8 - FONDOS PROPIOS

Os fondos propios da Federación, fórmanos o fondo social, as reservas e os beneficios obtidos non distribuídos. O importe dos movementos ocorridos nas partidas de "Fondos Propios", durante os exercicios 2022 e 2021, foron os seguintes:

	Fondo social	Reservas	Resultado exerc. ant.	Resultado do exercicio	Total
A. Saldo axustado, inicio ano 2021	20.252,44	-35.182,71	-28.621,58	106.424,41	62.872,56
Resultado do exercicio				75.710,61	75.710,61
Axustes por errores (ver Nota 2.8)		-2.870,00			-2.870,00
Outras variacións do patrimonio neto		77.802,83	28.621,58	-106.424,41	-
B. Saldo, final ano 2021	20.252,44	39.750,12	0,00	75.710,61	135.713,17
C. Saldo axustado, inicio ano 2022	20.252,44	39.750,12	0,00	75.710,61	135.713,17
Resultado do exercicio				-68.124,12	-68.124,12
Axustes por errores (ver Nota 2.8)		-12.032,57			-12.032,57
Outras variacións do patrimonio neto		75.710,61	-	-75.710,61	-
D. Saldo, final ano 2022	20.252,44	103.428,16	-	-68.124,12	55.556,48

NOTA 9 - SITUACIÓN FISCAL

En xeral, os resultados obtidos nos estados financeiros da Federación, gozan de exención ó tratarse dunha entidade asociativa privada de utilidade pública, sen ánimo de lucro e serlle, consecuentemente, de aplicación o réxime fiscal especial regulado no Título II da Lei 49/2002 de 27 de decembro de Reforma Fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos ó mecenazgo.

A Federación non lle consta a existencia de continxencias en relación de calquera dos tributos do que é contribuínte, sen prexuízo que ten pendente de comprobación os catro últimos exercicios.

Sí é suxeito pasivo do IRPF polas retencións efectuadas ás rendas satisfeitas ós seus traballadores, colaboradores e demais profesionais. Asimesmo, pola natureza da súa actividade a Federación está exenta de IVE, e por tanto o IVE soportado non é deducible.

A composición dos saldos das Administracións Públicas o 31 de Decembro do 2022 e 2021 é a seguinte:

AA.PP. Acredora	Euros	
	2022	2021
HP Acredor por IVE	19.336,19	18.482,32
HP Acredor por retencións práct.	6.756,77	5.100,35
Organismos S.S. Acredores	5.003,93	2.499,22
TOTAL	31.096,89	26.081,89

Os saldos pendentes ca administración nacen das obrigas laborais e fiscais. A liquidación de ditas contas faiase o mes seguinte de ser devengadas, polo tanto estas contas liquidaranse en xaneiro do 2023. No caso do IVE, solicitouse un fraccionamento do imposto, o cal foi aprobado pola Facenda Pública e quedará completamente liquidado no mes de xuño de 2023.

NOTA 10 - INGRESOS E GASTOS

a) Aprovisionamentos

O desglose da partida de “Aprovisionamentos” da conta de perdas e ganancias é:

Aprovisionamentos	Importe 2022	Importe 2021
Consumo de mercadorías	128.239,19	58.356,78
a) Compras, netas devol. e dto. de las cales:	156.173,40	136.394,08
- nacionais	156.173,40	136.394,08
- adquisicións intracomunitarias		
- importacións		
b) Variación de existencias	-27.934,21	-78.037,30
Consumo de mat. primas e outras mat. consumibles		
a) Compras, netas devol. e dto. de las cales:		
- nacionais		
- adquisicións intracomunitarias		
- importacións		
b) Variación de existencias		
Traballo realizados por outras empresas	1.101.261,20	285.472,52
Total	1.179.062,79	343.829,30

b) Persoal

O detalle do epígrafe de "Gastos de persoal" desglósase do xeito seguinte:

Concepto	Importe 2022	Importe 2021
Gastos de persoal	208.281,67	127.234,68
Soldos e salarios	158.072,75	100.968,80
Cargas sociais	50.208,92	25.823,75
a) Seguridade Social a cargo da empresa	49.738,04	25.823,75
b) Aportacións e dotacións para pensións		
c) Outras cargas sociais	470,88	442,13

c) Outros gastos de explotación

O desglose da partida de "Outros gastos de explotación" é o seguinte:

Concepto	Importe 2022	Importe 2021
Outros gastos da actividade	585.328,51	508.801,29
a) Perdas e deterioro operacións comerciais		
b) Resto de gastos da actividade	585.328,51	508.801,29

d) Importe dos ingresos

A Federación Galega de Balonmán actúa na comunidade galega sendo as súas principais fontes de ingreso as actividades adicadas ós seus asociados. Ademais dos ingresos por subvencións, no seu caso, xa descritas na NOTA 11, relaciónnanse todos os ingresos da Federación:

Concepto	2022	2021
Licencias, seguros deportivos e cánones	379.870,67	324.532,17
Dereitos de participación e inscricións	54.906,00	50.646,00
Dereitos arbitrais	223.901,65	149.545,49
Patrocinadores	118.860,13	92.931,57
Actividades docentes	55.272,01	9.514,00
Material deportivo	5.309,26	1.758,53
Outros ingresos	70.038,62	24.724,27
Total Cifra de Negocio	908.158,34	653.652,03
Colaboracións	3.000,00	25.000,00
Subvenciones Comunidades Autónomas	882.638,00	224.011,50
Subvenciones Outros organismos	178.207,42	168.242,41
Total outros ingresos explotación	1.063.845,42	417.253,91

NOTA 11 – SUBVENCIONES RECIBIDAS

As subvencións recibidas o longo do exercicio 2022 foron na súa totalidade de explotación e para as actividades propias da Federación Galega de Balonmán. O detalle por administración ou organismo concedente é como sigue:

	<u>2022</u>	<u>2021</u>
Autonómica	882.638,00	224.011,50
Deputacións	98.266,81	113.787,41
Outros organismos	79.940,61	54.455,00
Colaboracións	3.000,00	25.000,00
	1.063.845,42	417.253,91

No exercicio 2022 e 2021 non se recibiu ningunha subvención de capital.

A Xunta Directiva da Federación considera que se cumpriron, as condicións establecidas nas correspondentes resolucións de concesión das citadas subvencións, para que as mesmas se consideren definitivas.

NOTA 12 – OPERACIONES CON PARTES VINCULADAS.

O longo dos exercicios 2022 e 2021 non se devengaron remuneracións ou soldos a favor da Xunta de Goberno, se ben perciben o importe dos gastos efectivamente realizados nos seus desprazamentos por motivos propios do desenvolvo do seu cargo e da propia actividade da Federación.

GASTOS XUNTA DIRECTIVA	2022	2021
Desprazamento e manutención directivos	25.560,52	36.772,86

Cabe sinalar que as persoas que desempeñan o cargo de secretaria e tesoureira, forman parte do cadro de persoal da Federación, cobrando unha remuneración por desempeñar funcións exclusivamente administrativas recollidas nun contrato laboral.

GASTOS PERSOAL	2022	2021
Carla Abad Alonso	26.095,23	21.120,56
Patricia Sanmiguel García	19.874,03	21.345,29

NOTA 13 - OUTRA INFORMACIÓN

Non se contraerón obrigas en materia de pensións e seguros de vida, nin tampouco existe anticipo ó respecto.

O listado promedio da plantilla da Federación durante o ano 2022 é o seguinte:

Descripción	Fijos	Eventuales	Total
Trabajadores en Alta al Inicio	4	1	5
Altas durante el período	3	8	11
Bajas durante el período	0	9	9
Trabajadores en Alta al Final	7	0	7
Plantilla media discapacitados >0=33%	0,000	0,000	0,000
Plantilla media Total	4,672	3,236	7,908

O listado promedio da plantilla da Federación durante o ano 2021 foi o seguinte:

Descripción	Fijos	Eventuales	Total
Trabajadores en Alta al Inicio	5	0	5
Altas durante el período	0	1	1
Bajas durante el período	1	0	1
Trabajadores en Alta al Final	4	1	5
Plantilla media discapacitados >c=33%	0,000	0,000	0,000
Plantilla media Total	4,055	0,935	4,990

NOTA 14 – INFORMACIÓN MEDIOAMBIENTAL

Pola súa natureza en canto as actividades desenvolvidas pola Federación Galega de Balonmán, non concorren fitos desta índole. Nas presentes contas anuais NON existe ningunha partida de natureza medioambiental que deba de ser engadida de acordo á norma de elaboración “4ª Contas Anuais abreviadas” no seu punto 5, da terceira parte dos Plan Xeral de Contabilidade. (Real Decreto 1514/2007 de 16 de Novembro).

NOTA 15 – INFORMACIÓN SOBRE OS APRAZAMENTOS DE PAGO EFECTUADOS A PROVEORES. DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA. “DEBER DE INFORMACIÓN” DA LEI 15/2010, DE 5 DE XULLO

A información, en relación co período medio de pagamento a provedores en operacións comerciais, é a seguinte:

Período medio de pago a provedores	Exercicio 2022	Exercicio 2021
	importe	importe
	30	30

NOTA 16 – APLICACIÓN DE ELEMENTOS PATRIMONIAIS A FINS PROPIOS

Exercicio	Excedente do ejercicio	Axustes negativos	Axustes positivos	Base do cálculo	Recursos destinados a fins (Gastos + Inversións)	Aplicación dos recursos destinados en cumprimento dos seus fins	
						2021	2022
2021	75.710,61	2.870,00	995.455,96	1.068.296,57	1.016.237,53	1.016.237,53	
2022	-68.124,12	12.032,57	2.040.127,88	1.959.971,19	2.050.989,91		2.050.989,91

Detectouse un erro de escritura, non contable, na memoria económica do exercicio 2021, á hora de elaborar a táboa anterior no referente ós Recursos destinados a fins (Gastos + Inversións). Para poder realizar a comparación entre exercicios, nesta memoria anotamos o importe correcto.

NOTA 17 – LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO

O orzamento previsto para o ano 2022 sufriu desviacións motivadas pola concesión dun convenio de colaboración coa Xunta de Galicia, o Plan Corresponsables. Para poder cumplir o convenio, a Federación tivo que contratar máis persoal, aumentaron os gastos ordinarios e eleváronse os custos na partida de outros proxectos de relevancia. A maiores, deixáronse de celebrar torneos que estaban previstos nun primeiro momento.

Durante o exercicio 2022, a Federación amortizou 15.393,61 € da débeda que ten coa Real Federación Española de Balonmano, que se arrastra dende o ano 2015. Non se reflexa dito importe na liquidación do orzamento posto que o gasto foi contabilizado en exercicios anteriores, durante o ano 2022 soamente se fixo un desembolso de diñeiro.

GASTOS	PREVISTO	REALIZADO	DESVIACIÓN	% DESVIACIÓN
Gastos de persoal	118.000,00	208.281,67	90.281,67	-76,51
Outros gastos da actividade	89.400,00	109.464,89	20.064,89	-22,44
Amortización inmovilizado	13.000,00	16.935,58	3.935,58	-100,00
Amortización débeda	15.000,00		-15.000,00	100,00
Gastos financeiros	4.000,00	855,59	-3.144,41	-100,00
Seguro deportivo deportivo	237.600,00	252.474,81	14.874,81	-6,26
Gastos arbitraxes/liga ordinaria	276.900,00	339.459,96	62.559,96	-22,59
Gastos tecnificación	303.900,00	255.150,86	-48.749,14	16,04
Gastos outros proxectos de relevancia	507.644,00	857.504,52	349.860,52	-68,92
TOTAIS		1.565.444,00	2.040.127,88	

INGRESOS	PREVISTO	REALIZADO	DESVIACIÓN	% DESVIACIÓN
Formación	23.200,00	55.272,01	-32.072,01	138,24
Patrocinios (públicos e privados)	505.244,00	121.860,13	383.383,87	-75,88
Seguro deportivo	250.000,00	360.168,67	-110.168,67	44,07
Arbitraxes + sancións + tasas	180.000,00	232.052,23	-52.052,23	28,92
Torneos + Campus	153.000,00	19.702,00	133.298,00	-87,12
Dereitos de participación	54.000,00	54.906,00	-906,00	1,68
Secretaría Xeral para o Deporte	190.000,00	882.638,00	-692.638,00	364,55
Subvencións outros organismos	210.000,00	178.207,42	31.792,58	-15,14
Prestacións de servicios	0,00	61.888,04	-61.888,04	
Material deportivo	0,00	5.309,26	-5.309,26	
TOTAIS		1.565.444,00	1.972.003,76	

NOTA 18 – FEITOS POSTERIORES Ó PECHE CONTABLE

Despois do peche contable non houbo ningunha situación de relevancia a sinalar nestas contas anuais.


As contas anuais da Federación Galega de Balonmán correspondentes ó exercicio pechado o 31 de Decembro do 2022, formúlanse a 17 de Xuño do 2023 e identifícanse por estares estendidas no anverso de 24 follas.

O Presidente,



Bruno López Molina

A Secretaria,



Carla Abad Alonso

A Tesoureira,



Patricia Sanmiguel García